



BASES DO PROGRAMA PLAN MADRUGA PERIODO ESCOLAR 2023/2024 CEIP CERDEIRIÑAS

1. Obxecto

O Programa PLAN MADRUGA PERIODO ESCOLAR 2023/2024 CEIP CERDEIRIÑAS , é unha iniciativa de atención á infancia que ofrece aos pais e nais a posibilidade de conciliación laboral e familiar para o coidado de menores durante o período escolar unha hora antes do comezo de inicio de clases.poidan optar a esta proposta que se pon en marcha dende o concello de Vila de Cruces para facilitar a conciliación entre a vida laboral e os coidados dos menores.

2. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias deste servizo aquelas persoas que teñan nenas-os no CEIP Cerdeiriñas (Piloño).

3. Desenvolvemento das actividades

A actividade desenvolverase durante o período escolar 2023-2024

Haberá 2 quendas:

- 1) QUENDA: horario de 08.00 a 09.45 horas
- 2) QUENDA: horario de 08.45 a 09.45 horas

Lugar: a recepción e recollida de participantes realizase no CEIP Cerdeiriñas (Piloño).

As actividades realizaranse nas instalacións do CEIP Cerdeiriñas.

4. Solicitudes

A solicitude será entregada de maneira presencial no rexistro do concello ou a través da sede electrónica do mesmo.

Documentación complementaria necesaria para a tramitación da solicitude.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI do/a pai/nai ou titor legal.
- b) Copia do libro de familia

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

5. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes será do 15 de maio ao 5 de xuño de 2023.

As solicitudes entregaranse no rexistro do Concello de Vila de Cruces ou a través de sede electrónica.

*No caso de quedar prazas vacantes abrirase un novo período de inscrición do 1 de setembro ao 11 de setembro 2023.

6. Prezo

O prezo do programa será o seguinte:

- **HORARIO DE 8:45 a 9:45:**

1º. Familiares con fillo/a único/a usuario/a dos servizo : 15 euros/mes.

2º. Familiares con máis de 1 fillo/a usuario/a do servizo: 15euros/mes o primeiro fillo/a + 10 euros mes cada un dos seguintes.

*Prezo por día soltos: 3 euros/día

- **HORARIO DE 8:00 a 9:45:**

1º. Familiares con fillo/a único/a usuario/a dos servizo : 17 euros/mes.

2º. Familiares con máis de 1 fillo/a usuario/a do servizo: 17 euros/mes o primeiro fillo/a + 12 euros mes cada un dos seguintes.

*Prezo por día soltos: 5 euros/día

O pago efectuarase no número de conta habilitado polo Concello de Vila de Cruces que é o seguinte: **ES03 2080 5071 1630 4000 3006**. No caso de non formalizar o pagamento antes do día 7 de cada mes (inclusive);sen causa xustificada, producirase a baixa no programa.

7. Procedemento de concesión de prazas.

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 1 día hábil, enmende a falta ou

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

8. Revogación do servizo.

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pagamento no prazo sinalado.
- b) Por renuncia do beneficiario/a comunicada por escrito.
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo.

10. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vila de Cruces coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

11. Información COVID-19.

De ser preciso; redactarase un protocolo para levar a cabo as medidas de hixiene, desinfección, e normas de funcionamento para salvagardar a saúde dos participantes e dos monitores.

O DESENVOLVEMENTO DESTE PROGRAMA ESTA SUPEDITADO Á EVOLUCIÓN DA PANDEMIA DA COVID-19 E ÁS MEDIDAS E RESTRICIÓN QUE AS AUTORIDADES SANITARIAS POIDAN DITAMINAR.

Asinado. Luis Celso Taboada Sánchez

Alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

